

DOCUMENTO DE VENTA DE SAN PAIO DE FERREIRA POR UN CABALO (Tradución de Juan José Caruncho Rodríguez).

Publicado en **MONTERO DÍAZ, SANTIAGO**: Colección diplomática de San Martín de Jubia (977-1199), El Eco Franciscano, Santiago, 1935. (Doc XIV)

24 de agosto de 1095

No nome de Deus eu, Rodrigo Afonso, saúdo ao abade Donnibus e a comunidade de San Martín nas veiras do Xuvia . Que así sexa.

Para moitos, sen dúbida é coñecido, sen embargo outros ao mellor non o ouviron nunca, declaro que chego aquí pola miña vontade, sen seren obrigado por mandato de ningún tipo, nin movido por argucia de persuasión algunha; senón que estou aquí por propio desexo e vontade, para asinar un documento de venta da igrexa de San Paio de Ferreira que posúo do meu pai de nome Alfonso Astrulfilz, que el posuíu por herdanza dos seus avós e que me deixou a metade daquela herdade e a outra deixouna ao Señor Froila no lugar de dito San Martín para reparación da súa alma.

Está a dita igrexa no reino de Gallaecia no territorio de Trasancos, ás veiras do río Xuvia; doamos esta igrexa con todas as propiedades tanto do interior como do exterior, casas abertas ou descubertas, pedras móbiles como inmóbiles, árbores con froitos, como árbores sen froitos, terras cultivadas como sen cultivar y canto resulte útil ao home, o mesmo dentro que fora, todo aquilo se se poida acadar tanto vos como na posteridade... E recibimos de vos como prezo un cabalo de cor baio cun valor de 30 soldos e unha paga en denarios que xa establecemos; e o negocio xa quedou resolto, pois non existe débeda algunha *-pagouse como establecemos-*, de tal xeito que dende hoxe e por todo o tempo sexa dita igrexa e o territorio con todos os dereitos, con todas as súas ampliacións, con todo o que abarquen os meus dereitos e que sexa entregado conforme ao meu dereito e dominio para o lugar de San Martín que sexa respectado por unha lei estable por tempo eterno e polos séculos dos séculos. E conste que si alguén, cousa que non creo que suceda, si algún home, tanto da miña xente como xente allea, chegamos a non respectar isto, fiquen baixo o voso vasalaxe e no nome da dito mosteiro de San Martín a propia igrexa e toda a susodita, duplicada e triplicada na chamada Regia, pague alí unha libra de ouro *-que lle pague a coroa unha libra de ouro-* .

Eu Rodrigo Adefonsiz asinei esta acta de venta coa miña propia man.

Reinante, alfonso, rei de Toledo; presidente cátedra mindoniense Gundisalvus; Aloitus (testemuña); Froila (Testemuña);Petro (testemuña); Martinus, confirma; Johanes , confirma; Munios confirma; Abade Donnibus confirma e anota.

Xps. In dei nomine. Ego Roderigo Aldefonsi uobis Donninus abba et omni congregatione loci sancti Martini ripa Iuuie, salutem. Amen. A multis quidem manet notum, sed a paucis non est auditum, et quod accessit mihi per bone pacis uoluntas nulliusque generis imperio nec suadentis articulo, sed propria mihi accessit uoluntas ut facerem uobis karta uendicionis sicuti et facio de ecclesia sancti Pelagii de Ferraria que habeo de pater meus nomine Aldefonso Astrulfiz et abuit ille de auulorum suorum et relinquit mihi illa hereditas medietate de ea, et alia media relinquit illa domino Froyla a locum ipsius sancti Martini pro remedium anime sue, et est ipsa ecclesia in urbe Gallecie, territorio Trasanens, ripa fluminis Iuuie. damus uobis ipsa ecclesia cum omnia sua interiora uel exteriora, **kasas quomodo apertas uel discopertas, petras mobiles uel immobiles, arbores fructuosas uel infructuosas, terras cultas uel incultas, et quantum ad prestitum hominis est tam intus quam foris, per ubi ea potueritis inuenire uos et omnis posteritas uestra.** Et accepimus de uos precium i. cabballo colore baio precium de xxx solidos et i^o solidus de dinarios que nobis bene complacuit et de precio nichil remansit in debito. Ita ut de hodie die omnique tempore sit ipsa ecclesia et ipsum locum

cum suos dextros, cum suis adiunctionibus, cum omnia sua de meo iure abrasa et in uestro iure et dominio sit tradita adque confirmata, et ad locum sancti Martini deseruendum iuri quieto euuo perhenni et secula cuncta. Si quis tamen quod fieri minime credo, aliquis homo tam de gens mea quam de extranea ad irrumpendum uenerit uel uenerimus, pariat uobis et a uoce ipsius loci sancti Martini supradicti ipsa ecclesia et omnia supradicta duplata uel triplata et a uoci regia auri libram i^a componat. Ego Roderico Adefonsiz in hanc karta uendicionis manu mea propria roborauit. Era i.c.xxx.iii et quod viiii kalendas sectembris. Regnante Adefonusus rex in Toleto, presidente katedra mindoniensis episcopus Gundisaluus, qui praesentes fuerunt: Aloytus ts, Froyla ts, Petro ts, Martinus conf, Johannes conf, Munius conf. Donninus abba quasi presbiter confirmauit et notuit.